

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Secretaría Xeral

Regulamento das condicións xerais que rexen o acceso e utilización do servizo de préstamo de bicicletas no Concello de Culleredo

ANUNCIO

Aprobado inicialmente polo Concello Pleno, en sesión de data 3 de novembro de 2009, o Regulamento do Servizo de Préstamo de Bicicletas no Concello de Culleredo, e transcorrido o prazo de información pública sen recibirse alegación ou suxestión algunha, enténdese definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, polo que se da cumprimento ao artigo 70.2 do mesmo texto legal e se procede de seguido á publicación íntegra do citado texto:

REGULAMENTO DAS CONDICIÓNS XERAIS QUE REXEN O ACCESO E UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS NO CONCELLO DE CULLEREDO.

O Concello de Culleredo asinou un convenio co Instituto Enerxético de Galicia e o Concello de Culleredo para promover e potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte urbano no Concello de Culleredo. A través deste convenio o Concello de Culleredo vai poñer en marcha un sistema de servizo de préstamo de bicicletas polo que é necesario establecer un regulamento de funcionamento do servizo.

CAPITULO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1. Constitúe o obxecto desta disposición a regulación xeral das condicións de uso do servizo de préstamo de bicicletas que se vai implantar no Concello de Culleredo, e a través do cal os usuarios poderán retirar unha bicicleta para a súa utilización, debendo depositala tralo seu uso nunha das estacións destinadas para o efecto.

2. O Concello de Culleredo está interesado en promover o aforro e a eficiencia enerxética no seu ámbito de actuación e, concretamente, en promover o uso da bicicleta como medio de transporte urbano en Culleredo.

3. Polo tanto, o servizo de préstamo de bicicletas ten por obxecto o fomento do uso deste vehículo e se crea exclusivamente para o paseo e o desprazamento urbano.

CAPITULO 2. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

Artigo 2. Características do sistema de préstamo

O sistema comprende os aparcadoiros e expendedores automáticos de bicicletas instalados en diversos puntos de Culleredo. Cada expendedor componse dun aparcabicicletas de ancoraxe con elementos de soporte, mecanismos para accionamento do cadeado e unidade de control, así como bicicletas de préstamo.

Artigo 3. Situación

O servizo de préstamo de bicicletas poderá utilizarse nos seguintes puntos:

- * Paseo marítimo do Burgo. Avda. da Coruña s/n. O Burgo
- * Paseo marítimo do Burgo. Acceso pola Urbanización A Ría. Fonteculler.
- * Paseo do río Trabe. Rúa Luís Seoane. Vilaboa.

O Concello de Culleredo poderá modificar a situación das bases das bicicletas ou ampliar os puntos do servizo, do que se dará a debida publicidade aos usuarios e ao público en xeral.

Artigo 4. Usuarios e usuarias do servizo

1. Poderán ser usuarios e usuarias do servizo municipal de préstamo de bicicletas todas as persoas maiores de idade que se dean de alta no servizo.

2. As persoas de entre 16 e 17 anos poderán darse de alta no servizo mediante a formalización da inscrición correspondente achegando, ademais, a autorización expresa e declaración de asunción de responsabilidades dalgún dos seus pais ou titores, utilizando para iso o modelo de inscrición axeitado.

3. Queda expresamente prohibida a alta e utilización do servizo a menores de 16 anos.

4. Queda expresamente excluída a posibilidade de dar de alta no servizo como usuarios a todo tipo de persoas xurídicas.

5. Todas as persoas usuarias deben ter capacidade para utilizar a bicicleta conforme este regulamento e demais normativa sobre circulación viaria que resulte de aplicación.

Artigo 5. Alta no servizo

1. Toda persoa que pretenda utilizar o servizo de préstamo de bicicletas deberá darse de alta no servizo con anterioridade:

- a) Na Casa do Concello, na rúa do Concello, nº 12, en Culleredo, en horario de 9:00 a 14:00.
- b) Naquelas oficinas ou dependencias municipais en que así o estableza o Concello de Culleredo.

En todo caso, o Concello de Culleredo poderá establecer acordos con outros organismos ou institucións para facilitar o uso do servizo.

2. Para formalizar a inscrición deberá achegar a seguinte documentación:

- * Folla de inscrición debidamente cumprimentada.
- * Fotocopia do DNI ou documento acreditativo da personalidade do solicitante.
- * Certificado de empadramento no caso de residentes no Concello de Culleredo.
- * Xustificante de abono de 3€ en pago pola tarxeta identificativa.

3. Unha vez que se formalizou a inscrición facilitaráselle ao usuario unha tarxeta de acceso ao servizo, considerándose, nese momento, a alta efectiva do mesmo no sistema. A tarxeta de acceso ten carácter persoal e intransferible, sendo responsabilidade do titular da mesma o uso indebido que se faga dela, e terá unha validez dun ano ou unha semana, segundo a modalidade de tarxeta. Unha vez que transcorra o prazo, os usuarios deberán proceder á súa renovación.

4. O Concello poderá modificar en calquera momento as condicións de acceso, así como establecer modalidades de aboamento.

Artigo 6. Condicións de utilización

1. O horario de uso do servizo será o seguinte

- * Tempada de verán (abril a setembro): de 09:00 a 21:00 horas
- * Tempada de inverno (outubro a marzo): de 09:00 a 19:00 horas

Non obstante o anterior, o Concello resérvase a facultade de aumentar ou diminuír os horarios de utilización, dando suficiente publicidade ás medidas adoptadas.

2. O uso da bicicleta dependerá da dispoñibilidade das mesmas nos puntos de préstamo.

3. Establécese un período máximo de utilización do servizo para cada desprazamento de dúas horas. Unha vez que se exceda este período o sistema non permitirá un novo desprazamento ata que non transcorra un prazo de dúas horas.

4. A bicicleta só poderá ser usada dentro da zona urbana de Culleredo. En ningún caso se utilizará en escaleiras, ramplas, campos de terra etc.

5. O usuario comprométese á conservación e bo uso da tarxeta. Para os supostos de extravío ou rotura, e/ou solicitude dun duplicado, o custo de emisión da nova tarxeta deberá ser soportado polo usuario.

CAPITULO 3. DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS

Artigo 7. Dereitos

- a) Toda persoa ten dereito a darse de alta no servizo sempre que cumpra as condicións que establece este regulamento.
- b) Os usuarios adquiren, mediante a inclusión no servizo, o dereito á utilización do mesmo nas condicións e coas limitacións que se establecen neste regulamento.
- c) O usuario disporá de bicicletas en perfecto estado de uso e funcionamento.
- d) Para calquera reclamación sobre as condicións e circunstancias que afecten á prestación do servizo, o usuario poderá dirixirse ao xestor do servizo.
- e) Poderase cursar baixa voluntaria do sistema de préstamo mediante un escrito no que se solicite a baixa e a entrega da tarxeta.

Artigo 8. Obrigas

1. Son obrigas dos usuarios e usuarias do servizo:

a) Facer uso do servizo e da bicicleta coa máxima dilixencia. Durante o tempo de utilización o usuario ten a obriga de custodiar a bicicleta, respectar as normas de circulación viaria e facer uso correcto do servizo. Recoméndase o uso de casco e de chaleco reflectante, en especial nas horas de menor visibilidade.

- b) Non ceder o uso, baixo ningún concepto, a terceiras persoas.
 - c) Utilizar a bicicleta, exclusivamente, para o transporte persoal.
 - d) Utilizar a bicicleta, exclusivamente, no núcleo urbano do termo municipal.
 - e) Comunicar á oficina de información do usuario calquera avaría ou calquera accidente que tivese a bicicleta, sinalando as condicións e o lugar na que se atopa depositada. Se por razóns de avaría a bicicleta non fose depositada nunha estación, o usuario asumirá a custodia da bicicleta por un prazo de dúas horas posteriores á comunicación da avaría.
 - f) Asumir plenamente, desde o momento da retirada da bicicleta para o seu uso, e ata o instante da súa devolución nunha estación, a garda e custodia da bicicleta, respondendo persoalmente da súa boa conservación e da súa restitución ao termo do período de uso.
 - g) Mostrar obrigatoriamente, durante a utilización do servizo, a tarxeta de acceso ao servizo como documento acreditativo, cando o soliciten as persoas habilitadas e autorizadas.
 - h) O usuario, ao tempo de retirar a bicicleta para o seu uso, obrígase a comprobar os freos e o estado xeral da bicicleta. En caso de que a bicicleta non se atope en boas condicións de uso, o usuario poderá devolvela e retirar outra.
 - i) Devolver a bicicleta nun aparcabicycletas ao acabar o período de uso, sen posibilidade de prórroga.
 - l) Restituír a tarxeta de usuario cando fose requirido para isto.
 - m) Comunicar obrigatoriamente, en caso de roubo da bicicleta, e nun prazo máximo de dúas horas, a súa desaparición a través do teléfono de atención ao usuario, ou persoalmente nunha oficina de atención ao usuario. O usuario está obrigado a presentar ante o Concello unha copia da denuncia policial dos feitos.
 - n) Coñecer e aceptar as condicións establecidas nesta regulamento
2. O usuario é o único responsable dos danos causados a si mesmo ou a terceiras persoas ou a calquera ben, moble ou inmovible, pola utilización ou uso normal ou anormal do servizo de préstamo de bicicletas. O Concello de Culleredo está eximido dos danos que o usuario poida sufrir ou producir mentres fai uso da bicicleta e non se responsabilizará dos danos ou prexuízos producidos polo mal uso da mesma, nin dos causados a terceiros.
3. No caso de incidente que afecte ás condicións mecánicas da bicicleta e sen prexuízo da obriga de comunicación, esta quedará baixo a responsabilidade da persoa usuaria ata que a deposite nun aparcadoiro do sistema ou a poña a disposición do Concello ou a empresa encargada da xestión do servizo
4. A tarxeta de usuario de acceso ao sistema de préstamo de bicicletas é propiedade do Concello de Culleredo. No caso de perda, roubo ou deterioro da mesma, o usuario deberá notificalo inmediatamente co fin de proceder a anulación da mesma. O usuario terá que realizar de novo o proceso de alta como tal.

Artigo 9. Prohibicións

Queda prohibido terminantemente:

- a) A utilización da bicicleta fóra do horario e lugares establecidos.
- b) Prestar, alugar, ceder ou realizar calquera outro acto de disposición da bicicleta a favor de terceiros, con ou sen ánimo de lucro.
- c) O uso da bicicleta en competicións de calquera clase.
- d) A desmontaxe ou manipulación da bicicleta.
- e) O uso da bicicleta para fins distintos aos que constitúen o obxecto do servizo e en particular o seu uso con fins comerciais ou profesionais.
- f) O transporte na bicicleta de calquera persoa ou animal e integrar elementos alleos que poidan servir para estes fins.

CAPITULO 4. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 10. Principios xerais

Será infracción administrativa ou incumprimento das obrigas, prohibicións e requisitos establecidos neste regulamento.

Artigo 11. Clasificacións das infraccións

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Infraccións leves

Serán infraccións leves as seguintes:

1. O retraso en máis de 30 minutos na devolución da bicicleta non debida a causas xustificadas.
2. Non aparcarse a bicicleta, durante o tempo que dure o préstamo, en zonas adecuadas ou seguras que non interfiran o paso nin potencien situacións de inseguridade.

Infraccións graves

Serán infraccións graves as seguintes:

1. Utilizar a bicicleta fóra das zonas establecidas neste regulamento.
2. Prestar gratuitamente a bicicleta a terceiras persoas.
3. Non respectar as normas de tráfico establecidas para estes vehículos.
4. A devolución da bicicleta en mal estado de funcionamento.
5. Non comunicar calquera desperfecto, percance ou accidente que ocorra durante o seu uso.
6. Producir danos na bicicleta por un uso incorrecto da mesma.

Infraccións moi graves:

1. Utilizar a bicicleta con fin de lucro, alugala, vendela ou utilizala para fins comerciais.
2. Non realizar denuncia no suposto de roubo da bicicleta.
3. Impedir ou obstaculizar o uso do servizo a outras persoas con dereito á súa utilización.
4. Abandono inxustificado da bicicleta.

A reiteración nas infraccións representa un agravante nas sancións.

Artigo 12. Sancións

As infraccións a este regulamento darán lugar ás seguintes sancións:

- * Infraccións leves: poderán sancionarse coa suspensión do servizo de ata 1 día completo e multa de ata 50 €.
- * Infraccións graves: poderán sancionarse coa suspensión do servizo de ata 15 días, baixa de oficio e prohibición de alta no servizo durante un período de ata 1 ano e multas de ata 300 €.
- * Infraccións moi graves: poderán sancionarse con baixa de oficio e prohibición de alta no servizo durante un período de ata 5 anos e multa de ata 500 €.

Artigo 13. Aplicación das sancións

Na aplicación das sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada considerándose como criterios para a graduación da sanción a existencia de intencionalidade, a natureza dos prexuízos causados e a reincidencia, por comisión no período dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza.

Artigo 14. Esixencia do procedemento

A imposición de sancións esixirá a tramitación do correspondente expediente administrativo con audiencia á persoa interesada.

Artigo 15. Responsables

Serán responsables das infraccións deste regulamento as persoas usuarias do servizo de préstamo de bicicletas, así como os seus representantes legais cando sexan menores de idade.

En calquera caso, a administración ou xestor do servizo poderá reclamar pola vía xudicial ordinaria os danos e prexuízos que o usuario ocasione.

CAPITULO 5. PROTECCIÓN DE DATOS**Artigo 16.**

Os datos persoais dos usuarios e usuarias do servizo serán obxecto de tratamento informático para os efectos da súa relación co Concello de Culleredo como consecuencia da alta no servizo de préstamo de bicicletas. Sobre estes datos o seu titular poderá exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación conforme ao que prevé a Lei orgánica 15/1999 sobre protección de datos de carácter persoal.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir da súa publicación no Boletín oficial da Provincia, de acordo co establecido no artigo 10.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Culleredo, 14 de xaneiro de 2010.

O alcalde,

Asdo: Julio Sacristán de Diego.